

FEIRACO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA BASES DA PROMOCIÓN “ENTROIDOS TAN GALEGOS COMO NÓS”

1. ORGANIZADOR E OBXECTO DA PROMOCIÓN

Feiraco Lácteos, SL, (en adiante Feiraco), domiciliada en Ames (A Coruña), en Ponte Maceira-Agrón s/n, e con número de identificación fiscal B-15996929, realizará unha promoción denominada “ENTROIDO TAN GALEGOS COMO NÓS” (en adiante, a promoción) que se desenvolverá en Galicia na que se sortearán 60 vasiños para levar.

Premiaránse a todos aqueles usuarios que suban unha foto ao seu perfil de Instagram coa caixa de Entroido do leite enteiro, semidesnatado ou desnatado mencionando a @feiracolacteos e co hashtag #EntroidoFeiraco.

2.- ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL:

O ámbito territorial da promoción comprende Galicia e a provincia de León. Únicamente poderán participar na promoción as persoas físicas maiores de 18 anos e residentes legais en Galicia.

Non se permite a participación de empregados do GRUPO FEIRACO, así como de empresas colaboradoras no deseño, desenvolvemento e execución da presente Promoción, ou daquelas persoas que teñan relación de parentesco ata o segundo grado nin os cónxuxes e parellas dos anteriormente mencionados.

3.- DURACIÓN:

A presente promoción desenvolverase do mércores 01 de febreiro de 2023 ao martes 28 de febreiro de 2023, ambos os dous inclusive, e resolverase por sorteo o mércores 01 de marzo de 2023, mediante a aplicación online Easypromos segundo se explicita no epígrafe 7 "Entrega do premio" destas bases legais.

Por causa de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, FEIRACO poderá decidir en calquera momento a interrupción e/ou finalización anticipada desta promoción.

4.- CARÁCTER GRATUÍTO DA PROMOCIÓN:

A PROMOCIÓN é gratuíta e non implica en si mesma un pagamento adicional ou incremento de precio dos produtos que se promocionan. Os custos das chamadas, mensaxes telefónicas, correo electrónico ou calquera outra comunicación que deban realizar as persoas participantes e que se detallan no apartado de mecánica da promoción serán da súa conta.

5.- PREMIO DA PROMOCIÓN:

Na presente promoción sortéase 60 premios consistentes nun vasiño para levar cun valor de 29 euros cada un.

6.- FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN:

Optarán ao premio da presente promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos, con residencia en Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Poderá participarse dende a rede social Instagram.
- 2.- Ser fan de @feiracolacteos en Instagram.
- 3.- Subir unha foto ao muro de Instagram ou ás Stories de Instagram coa caixa de Entroido do leite enteiro, semidesnatado ou desnatado mencionando a @feiracolacteos e co hashtag #EntroidoFeiraco. É necesario ter o perfil público para que poidamos velo.

Feiraco resérvase o dereito para efectuar cambios na campaña durante o seu desenvolvemento, se se producise algunha causa que impida levala a bo termo ou co fin de mellorar o seu avance. Se isto se producise, publicará ditas modificacións a través desta rede social, e todos os participantes sométense expresamente ás mesmas.

7.- ENTREGA DO PREMIO:

Unha vez celebrado o sorteo o 1 de marzo de 2023, publicarase no perfil oficial de Feiraco en Instagram ([instagram.com/feiracolacteos](https://www.instagram.com/feiracolacteos)) e no de Facebook ([Facebook.com/feiracolacteos](https://www.facebook.com/feiracolacteos)) un enlace á aplicación do concurso co resultado do sorteo. Os gañadores terán un prazo de 7 días laborais para aceptar o seu premio e enviar a Feiraco por mensaxe privada no perfil de Instagram ou no de Facebook os seus datos completos: nome, apelidos, DNI, dirección completa onde desexe recibir o premio. Se transcorrido ese prazo o/a gañador/a non reclamou o premio, darase paso ao suplente.

En ningún caso poderá substituírse o premio polo seu valor económico nin poderá cederse a outra persoa distinta do gañador. FEIRACO resérvase o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin os participantes nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases.

O premio será remitidos por mensaxería nun prazo de 30 días.

8.- CONDICIÓN E RESERVAS:

A comunicación dos datos persoais de xeito privado a través do perfil de INSTAGRAM de FEIRACO, é requisito obrigatorio para que os gañadores poida recibir o premio obtido como participantes lexitimamente admitidos ao sorteo, así como a súa maioría de idade. De resultar agraciada algunha persoa que non cumpra estes requisitos a súa participación resultará automaticamente excluída e o premio outorgaráselle ao/á inmediato/a suplente.

FEIRACO descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Este concurso organízase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todos os consumidores, premiando a fidelidade en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da Boa Fe. Por ese motivo, FEIRACO excluírá automática e inmediatamente del a calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conduta mendaz ou inadecuada, empregue medios fraudulentos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos, en caso de que as irregularidades, ou calquera outras, se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, FEIRACO resérvase o dereito de exercitar as accións legais pertinentes contra

o seu autor ou responsable, entre outras, as tendentes á devolución dos premios.

Os premios da promoción non se poderán substituír por outros a petición do gañador, nin poderán ser cambiados polo seu valor en metálico. FEIRACO resérvase, en calquera caso, o dereito a mudar os elementos da promoción por outros de igual ou superior valor cando concorra xusta causa, e ademais, tamén, resérvase o dereito a anular, suspender ou modificar a promoción por FEIRACO, se por causas técnicas ou de calquera outra índole allea á vontade desta, esta non puidese cumprir co normal desenvolvemento da promoción, segundo o estipulado nas presentes bases.

O non previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, reixerá a normativa legal disposta que sexa de aplicación, integrándose os baleiros ou dúbidas conforme á boa fe, usos comerciais e técnicos que resulten axeitados, e principios xerais do Dereito.

9.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS:

Os datos de carácter persoal que faciliten as persoas participantes neste concurso serán tratados dando estrito cumprimento ao establecido na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento dela así como co Reglamento General Europeo de Protección de Datos.

A persoa participante coñece e consente inequívocamente que os seus datos persoais sexan tratados por FEIRACO LÁCTEOS, con domicilio en Lugar de Arufe – Agrón s/n 15864 Ames (A Coruña), e con número de identificación fiscal B-15996929, quen os usará e tratará sen que xere ningún tipo de remuneración, conforme ao previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, coa finalidade de realizar cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso.

Non obstante, este dereito poderá ser revogado no momento en que o participante estime oportuno. FEIRACO LÁCTEOS garante os seus

dereitos de acceso, cancelación, oposición e rectificación, limitación do tratamento e portabilidade. Para exercer estes, o participante terá que dirixirse a Lugar de Arufe – Agrón s/n 15864 Ames (A Coruña), identificándose de forma fidedigna, para verificar a súa identidade e non poñer en risco a súa privacidade e confidencialidade; ou ben a comite.privacidad@clun.es.

En calquera caso, o tratamento da información facilitada como participante restrínxese á finalidade de participar neste concurso suxeito as presentes bases.

Os datos serán tratados durante a sustanciación do concurso e, unha vez finalizado este, serán gardados para a eventual tramitación de reclamacións ou queixas, relacionadas co desenvolvemento do mesmo, ou, en último término, ata que o participante exerza o seu dereito de cancelación en consonancia coa facultación para acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios. Os datos no se cederán a terceiros salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

Vostede ten en todo caso dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto mantense inalterable o seu dereito de acceso, cancelación, rectificación ou oposición.

10.- ACEPTACIÓN E DEPÓSITO DAS BASES:

A remisión da solicitude de participación na promoción implica a aceptación da totalidade das presentes bases polos participantes. A manifestación en contrario polo participante implicará a exclusión de éste da promoción e FEIRACO quedará liberada do cumprimento da obriga con dito participante.

11.- LITIXIOS:

A lexislación aplicable ás presentes bases é a española. Os participantes, con renuncia expresa de calquera outro foro que

puidese corresponderlles, sométense á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela. Aos efectos de calquera notificación ou requirimento que resulte necesario efectuar por calquera causa relacionada ou derivada do presente sorteo, entenderase designado como domicilio destes os que consten salientados na comunicación da participación na presente promoción.